



DATOS IDENTIFICATIVOS

Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español

Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01515			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Domínguez Araújo, Lara			
Profesorado	Domínguez Araújo, Lara			
Correo-e	laradoar@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado desenvolva as competencias fundamentais para interpretar na modalidade de bilateral entre inglés e castelán.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C6	Utilización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C17	Capacidade de tomar decisións
C20	Facilidade para as relacións humanas
C21	Rigor e seriedade no traballo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación de enlace	C2 C8 C17 C21	D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D17
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción de discurso oral nas linguas de traballo	C1 C2 C3 C4 C13 C17	D6 D9 D17
Introducir as técnicas de documentación e preparación para a interpretación de encontros con certo grao de especialidade	C6 C8 C17 C21	D6 D7 D9 D12 D13
Adquirir coñecementos sobre a realidade profesional da interpretación de enlace nos seus distintos ámbitos de traballo	C2 C17 C20 C21	D8 D11 D12 D13 D16

Contidos

Tema	
Introdución á interpretación de enlace: competencias básicas.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de maneira adecuada. 2. Ser capaz de expresarse correctamente e aplicar distintas estratexias na expresión oral en función da lingua: activar a lingua B e puír a lingua A. 3. Aumentar a mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B. 4. Aumentar a capacidade de memoria a curto prazo: identificar os elementos que a desencadean, desenvolver a memoria visual e a memoria analítica. 5. Posta en valor da cultura xeral: asunción das lagoas de coñecemento e fomento da curiosidade. 6. Ser conscientes do nivel necesario das linguas A e B: identificar posibles eivas e desenvolver estratexias para as superar.
Fundamentos da técnica de interpretación de enlace	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer os principios da toma de notas. 2. Aumentar a capacidade de escoita e análise, concentrarse na escoita, ordenar a mensaxe. 3. Aumentar a rapidez de mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B. 4. Desenvolver a capacidade de alternancia de lingua durante a interpretación. 5. Ter criterio para introducir a toma de notas durante a audición: aprender a seleccionar a información relevante. 6. Ser capaces de realizar interpretacións-resumo. 7. Consolidar a memoria a curto prazo. 8. Reflexionar sobre a deontoloxía e a repercusión das escollos lingüísticas (linguaxe inclusiva, primeira ou terceira persoa etc.).
Desenvolvemento da técnica e metacognición	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver a capacidade de anticipación. 2. Aplicar os principios fundamentais da toma de notas á interpretación de enlace. 3. Consolidar as capacidades de escoita e análise. 4. Desenvolver a capacidade de resolución de problemas: aceptar a imposibilidade de perfección da interpretación e do control sobre as intervencións orixinais. 5. Ser quen de reflexionar con criterio sobre as intervencións e interpretacións propias e do resto da clase. 6. Ser quen de detectar as eivas sobre o desempeño propio e de elaborar e aplicar un plan de traballo axeitado ás necesidades de aprendizaxe. 7. Ter claro o que se entende por unha boa interpretación e ser quen de avaliar interpretacións propias e alleas.

Fase avanzada: consolidación e perfeccionamento

1. Coñecer os debates actuais sobre a marxe de intervención da intérprete e o seu papel na mediación lingüística (visibilidade, implicación persoal etc.).
2. Ser quen de restituír información máis complexa: conceptos abstractos e nomes propios.
3. Ser quen de restituír números e unidades, saber adaptar a estratexia de toma de notas en función do tipo de intervencións.
4. Ser quen de interpretar intervencións cun maior grao de dificultade e especialidade: preparación terminolóxica, resolución de problemas.
5. Superar definitivamente os problemas específicos de cada estudante.
6. Dominio das decisións sobre a toma de notas, a análise e a restitución do discurso.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Seminario	6	10	16
Obradoiro	15	30	45
Prácticas de laboratorio	25	50	75
Autoavaliación	0	4	4
Práctica de laboratorio	1	8	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación da materia, da docente e do alumnado.
Seminario	Explicación e debate sobre aspectos teóricos e deontolóxicos relacionados co exercicio da interpretación de enlace.
Obradoiro	Exercicios individuais e en grupo para a consecución dos obxectivos incluídos nos contidos.
Prácticas de laboratorio	Práctica de interpretación de enlace.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Cada estudante deberá reflexionar en todo momento sobre a súa evolución e o grao de consecución dos obxectivos de aprendizaxe da materia, expondo calquera dúbida ao respecto á docente desde as fases máis temperás da aprendizaxe, tanto na clase coma nas horas de titorías. Non se descarta a necesidade de máis dedicación da referida na guía docente, no caso de ter lagoas básicas de coñecementos esixidos como requisitos mínimos da materia. Mesmo neste caso, recoméndase que a/o estudante consulte as súas dúbidas canto antes coa docente para que esta o/a axude a buscar formas de superalas a tempo.
Prácticas de laboratorio	Avaliación formativa na clase baseada na matriz de valoración que se empregará na proba final da materia. Nas titorías a docente axudará ao alumnado a reflexionar sobre as causas dos problemas de aprendizaxe e a deseñar un plan de traballo encamiñado á consecución dos obxectivos da materia.
Probas	Descrición
Autoavaliación	A metade do cuadrimestre, cada estudante deberá presentarlle á docente unha diagnose da súa evolución na aprendizaxe da materia, detectando os seus puntos fortes, débiles e máis as causas destes últimos. Así mesmo, propondrá formas para superalos. Como punto de partida, terá en conta tanto a grella de autoavaliación subministrada pola docente como a matriz de valoración que se empregará na proba prevista a final do cuadrimestre.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Participación na discusión e aplicación dos coñecementos teóricos á práctica da interpretación bilateral.	Apto necesario 0	C13 D7 C21 D8 D9

Obradoiro	Intervencións nas linguas A e B en simulacros de encontros interpretados	40	C1 C2 C3 C4 C8 C13 C17 C20	D6 D7 D10 D11 D12 D13 D16 D17
Autoavaliación	Reflexión persoal sobre o desenvolvemento das competencias da materia a partir da análise retrospectiva dunha interpretación realizada na clase (vid. "Atención personalizada").	20	C1 C2 C3 C4 C17 C21	D6 D7 D8 D9 D16
Práctica de laboratorio	Proba de interpretación bilateral realizada na última semana de clase. Para cualificala empregarase unha matriz de valoración que avalía a interpretación en función de catro criterios (fluidez e seguridade, expresión e corrección, resolución de problemas e contido) cuxa ponderación se especifica na matriz. Á marxe da media final, é condición sine qua non para dar por superada a proba obter un mínimo de aprobado na parte de contido.	40	C1 C2 C3 C4 C6 C8 C13 C17 C20 C21	D6 D7 D8 D9 D10 D11 D13 D16 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder optar á **avaliación continua** [explicitada na sección "Avaliación" desta guía docente] cómpre realizar satisfactoriamente todas e cada unha das seguintes tarefas ou probas: participación na discusión e aplicación dos coñecementos teóricos á práctica da interpretación bilateral, intervencións nas linguas A e B como simulacros de encontros interpretados, exercicio de autoavaliación e realización dunha proba de interpretación; todas elas deberán realizarse segundo a secuenciación proposta na clase para o mellor aproveitamento do curso. Así mesmo, dado o deseño e carácter práctico da materia, baseados na aprendizaxe progresiva, recoméndase asistir ás clases, aínda que non é obrigatorio.

O alumnado que cumpra os requisitos para acollerse á avaliación continua terá dereito a unha segunda oportunidade de presentarse á proba de interpretación (na data oficial de realización do exame de avaliación única segundo o calendario da FFT), de tal forma que poderá optar por que a docente corrixa unha ou outra proba coma exame final. Con todo, só se recomenda que se presenten na data oficial de avaliación única no caso de que a súa prestación durante a proba final fose moi inferior á súa prestación habitual na clase.

Tanto a **avaliación única** (para aquel alumnado que renuncie á avaliación continua) como a **segunda convocatoria** consistirán nun exame de interpretación bilateral dun encontro entre falantes das linguas A e B e ambas terán lugar nas datas establecidas no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

No caso de suspenso na proba final, o alumnado de avaliación continua ten dereito a que se lle garden as demais cualificacións da materia e só repetir esta última proba na segunda convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

COLLADOS, Ángela & FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, María Manuela, **Manual de interpretación bilateral**, Comares, 2001

GENTILE, Adolfo, OZOLINS, Uldis & VASILAKAKOS, Mary, **Liaison interpreting: A Handbook**, Victoria, 1996

GILLIES, Andrew, **Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course**, Routledge, 2005

HALE, Sandra, **Community Interpreting**, Palgrave Macmillan, 2007

LINKTERPRETING-Web de recursos para la interpretación de enlace, <http://linkinterpreting.uvigo.es/>, 2012

TIPTON, Rebecca & FURMANEK, Olgierda, **Dialogue Interpreting A Guide to Interpreting in Public Services and the Community**, Routledge, 2016

BANCROFT, Marjory, GARCÍA BEYAERT, Sofia, ALLEN, Katharine & CARRIERO-CONTRERAS, Giovanna, **The Community Interpreter®: An International Workbook of Activities and Role Plays**, Culture & Language Press, 2015

DEL POZO TRIVIÑO, María Isabel, **La interpretación de enlace. De la teoría a la práctica**, Comares, 2020

Bibliografía Complementaria

GILE, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, 2.^a ed. revisada, John Benjamins, 2009

BORJA ALBI, Ana Isabel & DEL POZO TRIVIÑO, María Isabel (eds.), **La comunicación mediada por intérpretes en contextos de violencia de género. Guía de buenas prácticas para trabajar con intérpretes**, 2015

DEL POZO, María Isabel & GÓMEZ, Elisa, **Tradución e interpretación nos servizos públicos e asistenciais de Galicia. Primeiros pasos en investigación**, Universidade de Vigo, 2012

ROZAN, Jean François, **La prise de notes en interprétation consécutive**, Universidad del País Vasco, 2007

TOLEDANO BUENDÍA, Carmen & DEL POZO TRIVIÑO, María Isabel, **Interpretación en contextos de violencia de género**, Tirant lo Blanc, 2015

SOS-VICS-Web de formación para intérpretes, <http://sosvics.eintegra.es/>, 2015

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01618

Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Outros comentarios

Recoméndase ao alumnado Erasmus ou doutros programas de mobilidade internacional que teñan un nivel C1 de inglés e de español para cursar esta materia.
